

A Reconstrucción da Bandeira da Dinastía Real Sueva de Gallaecia

Contidos nesta sección:

- » [Recreación dunha Bandeira Histórica Galaica](#)
- » [Cronoloxía da Bandeira do Galliciense Regnum](#)
- » [Confección e estándares utilizados na bandeira](#)

Visita también esta páxina:

- » [Bandeira da Dinastía Real Sueva do Galliciense Regnum](#)



Recreación dunha Bandeira Histórica Galaica

As bandeiras históricas reproducense en todos os países da Europa por diferentes motivos: decoración en festas folclóricas e festivais históricos, dar cores a reunións e eventos deportivos, coleccionismo e uso persoal, recuperación de simboloxía e memoria histórica, etc...

Un dos periodos máis rememorados da historia galaica é a fundación no século V do *Galliciense Regnum*. O *Galliciense Regnum* foi fundado sobre a unificación política de galaicos bracarenses, lughenses e asturicenses xa establecida séculos antes coa provincia autónoma de Gallaecia baixo o imperio romano. Pasaron quince séculos desde o *Regnum* galaico e a memoria daquel periodo segue a servir de frecuente fonte de inspiración para moitos. Para algúns, o *Galliciense Regnum* representa a épica e a forza que fixo de Gallaecia o primeiro estado medieval da Europa. Para outros, o *Galliciense Regnum* representa o encontro sen fronteiras de todos os povos galaicos, que aínda no século XXI compartimos moitos trazos culturais comúns, como demostrou por exemplo a recente [candidatura galaica](#) ao Patrimonio Inmaterial da Unesco.



Esta Iniciativa pola Bandeira Galega [www.BandeiraGalega.com] naceu para promover o coñecemento e uso social da rica simboloxía histórica galega. Ao mesmo tempo, fomos conscientes da existencia dunha latente demanda que nos últimos anos andivo na procura dunha simboloxía gráfica coa que poder representar a inspiradora memoria da Gallaecia. Por esa razón decidimos apostar por unha reconstrucción moderna da bandeira da Dinastía Real Sueva do Galliciense Regnum, e incluíla dentro da nosa iniciativa de promoción de símbolos históricos galegos. Nesta páxina describimos cómo evoluiu o proceso de investigación e [definición de estándares](#) que culminou coa reprodución desta xa popular bandeira galaica.

Cronoloxía da Reconstrucción da Bandeira do Galliciense Regnum

Séculos V-VII

Durante os séculos V e VII reinou no *Galliciense Regnum* unha [dinastía de monarcas](#) de orixe sueva. Igual que todos os reis ou xefes de estado medievais, estes monarcas terían un identificativo gráfico, estandarte ou bandeira de seu como expresión da súa xerarquía e do seu territorio. Descoñecemos cómo sería o exacto estandarte ou bandeira dos séculos V-VII porque non se conservaron restos materiais dela.



Século XVII

Nun memorial presentado polo cabido da Catedral de Lugo á Xunta do Reino de Galicia, na sesión celebrada o 15 de febreiro de 1669, afirmase que "(...) de aquí tuvo principio y se originó borrar el **Dragón verde** y **León rojo** (armas de los Reyes suevos que al tiempo tenían en este Reyno su corte), y trasladar al **dorado campo** del escudo de sus armas (...)". Esta referencia sobre a existencia dunha antiga bandeira dos reis suevos convertírase no punto de partida para a súa posterior reconstrucción.



Século XVIII

Un século despois, no maior compendio heráldico escrito ata entón en castelán, a "[Ciencia Heroyca Reducida a las Leyes Heráldicas del Blasón](#)", publicada en 1725 polo Marqués Joseph de Avilés, afirmase que as armas reais da monarquía sueva eran un dragón verde: "*Los Reyes Suevos, que reynaron en España á la parte de Galicia en los años de 412 de nuestra Redencion, traían por insignias en sus Escudos (ó como entendemos por Armas) un Dragon verde. Rodr. Men. Sil. Poblac. de Esp. fol. 262.*"



Século XIX

Na *Historia de la Ciudad de Betanzos* publicada en 1892 por Manuel Martínez Santiso, citando a anterior *Historia de Betanzos* de 1812 de **Verín y Seijas**, descríbese o escudo da cidade, sobre o que figura a cabeza dunha coca, e explícase que *"la cabeza del dragón alude al tiempo de los suevos, pues este animal era la divisa de aquéllos"*.



Século XX

A referencia histórica da Catedral de Lugo de 1669 foi mencionada polo Catedrático da Real Academia Galega, **Pablo Pérez Constanti**, no seu libro [Notas Viejas Galicianas \(I\)](#), publicado en Vigo en 1927. Logo, no ano 1993, **Clodio González Pérez**, Secretario da desaparecida sección de Etnografía e Folklore do Instituto P. Sarmiento de Estudos Galegos; vocal da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego; membro da sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, etc, volveu a lembrar a existencia dunha antiga bandeira dos reis suevos no seu libro [A Coca e o Mito do Dragón](#), de Ir Indo Edicións. O libro de Clodio González deu o pulo decisivo para a recreación gráfica da Bandeira da Casa Real Sueva de Gallaecia.



Ano 1997

No ano 1997 apareceu publicado no internet un modelo de deseño de bandeira, titulado "Bandeira Sueva", onde aparecen xa as figuras da coca e do león descritas no memorial de 1669, utilizando como padrón a bandeira do Príncipe de Gales Owain IV e a coca da bandeira nacional galesa. Descoñecemos o autor desta primeira reprodución gráfica moderna.



Ano 2000

Dentro do contexto do debate de rexionalización no Estado de Portugal, o coñecido heraldista portugués Francisco de Simas Alves de Azevedo deseñou cara o ano 2000 unha proposta de bandeira para a hipotética [região autónoma galaica do Douro-Minho](#). En base a que *"Aqui se encontra a cidade de Braga, outrora capital sueva"*, a bandeira proposta polo heraldista portugués reproducía unha coca verde sobre campo branco, tomando como fonte que *"um autor seiscentista atribui ao reino suevo, por armas, um dragão verde, com fundo branco."*



Ano 2003

No ano 2003, H.Rodal, I.Fontam, J.Rodrigues, I.Rodal e J.M.Barbosa, membros da Associação Galega da Língua, reproduciron unha nova bandeira sueva a partir da descripción do libro de Clodio González e dos deseños gráficos das bandeiras rexionais portuguesas de Alves de Azevedo. Este deseño acertou en representar por primeira vez un **"Dragón verde y León rojo"** sobre un **"dorado campo"**, como describía claramente o memorial de 1669.



Ano 2005

No ano 2005 a **Iniciativa pola Bandeira Galega** (www.BandeiraGalega.com) manufacturou por primeira vez a **"Bandeira da Dinastía Real Sueva de Gallaecia"** e empezou a traballar pola súa difusión na sociedade galega. Partindo da referencia histórica de 1669 e dos deseños de bandeiras suevas anteriores, o deseño final da Bandeira Galliciense foi concretado despois de varios meses de investigación, busca e definición de [estándares gráficos](#), e diversas probas e intercombinacións destes. O deseño final elixido cinguiuse a representar un **"Dragón verde y León rojo"** sobre un **"dorado campo"**, como describía claramente o memorial de 1669. As bestas aparecen rampantes e enfrentadas, como é norma na heráldica europea. Os padróns gráficos escollidos para representar aos dous animais seguiron criterios de homoxeneización de tamaños e de estilos de deseño. Le máis detalles en [Confección e estándares utilizados na bandeira...»](#)



Confección e estándares utilizados na Bandeira da Dinastía Real Sueva de Gallaecia

A [Bandeira da Dinastía Real Sueva do Galliciense Regnum](#) é unha bandeira moderna, deseñada a partir dunha referencia literaria do século XVII que describe cómo era o brasón ou armas dos reis suevos de Gallaecia.

» Ponto de partida: a descripción literaria

A fonte literaria utilizada como base desde a que comezar a reconstrucción desta bandeira foi o libro [A Coca e o Mito do Dragón](#), publicado en 1993 por Ir Indo Edicións, e escrito por Clodio González Pérez, Secretario da desaparecida sección de Etnografía e Folklore do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos; vocal da Xunta Rectora do Museu do Pobo Galego; membro da sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, etc. Ademais de "A Coca e o Mito do Dragón", Clodio González publicou varios traballos en diferentes revistas sobre o mesmo tema: A Coca da Coruña; A Coca de Pontevedra; a Coca de Betanzos; A Becha de Ribadavia; a Coca de Monção...



No seu libro, Clodio González lembra que "(...) no escudo do reino suevo de Galicia campeaban un dragón verde e un león vermello. Así consta nun memorial presentado polo cabido da catedral de Lugo á Xunta do Reino de Galicia, na sesión celebrada o 15 de febreiro de 1669: "De aquí tuvo principio y se originó borrar el **Dragón verde** y **León rojo** (armas de los Reyes suevos que al tiempo tenían en este Reyno su corte), y trasladar al **dorado campo** del escudo de sus armas, la Hostia, no dentro de vaso Sacramental oculta (...), ni sobre el cáliz, o de manifiesto en su custodia (...)". Clodio González recuperou esta descripción da páxina 45 do libro [Notas Viejas Galicianas I](#), publicado no ano 1927 por Pablo Pérez Constanti, historiador e Catedrático da Real Academia Galega.

A descripción do cabido da catedral de Lugo é simples e clara: o escudo dos reis suevos tiña un **campo de cor dourado** e no campo figuraban dúas bestas, unha **coca de cor verde** e un **león de cor vermello**. O cabido engade que estas bestas serían logo "borradas" e substituídas polo corpo de Cristo (a Hostia) "o de manifiesto en su custodia" ([o Cáliz coa Hostia](#)).

» Deseño baixo-medieval ou alto-medieval?

O deseño "Bandeira Sueva" de 1997 aparecía claramente baseado na [bandeira do Príncipe de Gales Owain IV](#) e utilizaba como padróns gráficos o león do orixinal estandarte galés e máis a coca da bandeira nacional galesa. A bandeira de Owain IV (século XV, probablemente herdada do século XIII) corresponde a un típico modelo de deseño altomedieval no que campo da bandeira é dividido en catro cuarteis de igual superficie. É altamente improbable que este modelo de bandeira altomedieval fose o utilizado polos reis suevos do século V. En todo caso, esta primeira "Bandeira Sueva" anunciou a posterior estandarización da coca galesa nos seguintes deseños de bandeiras suevas.



» Definición dun estándar gráfico: a Coca

Cómo era o deseño da coca que aparecía no brasón dos reis suevos descrito polo cabido da Catedral de Lugo en 1669? Non o sabemos porque non conservamos restos materiais nen pinturas del. Aínda máis, na época baixomedieval o concepto de estandarización gráfica non era coñecido nen practicado igual que o facemos hoxe: un artista da corte do Rei Teodomiro non se preocuparía de pintar unha coca necesariamente no mesmo estilo que o tería feito anos antes un artista da corte do Rei Hermerico. Consecuentemente, non podemos ir buscando deseños de cocas do século XV pensando que haberemos encontrar unha copia idéntica dunha coca particular que foi pintada no século V.

Logo, qué deseño de coca utilizar para a reconstrucción da bandeira dos reis suevos de Gallaecia? No arte galaico altomedieval e moderno, igual que no europeo, encontramos múltiples representacións gráficas de cocas, as máis delas coincidindo nun certo estándar gráfico que inclúe grandes maxilas e dentes afiados, corpo coberto de escamas, áas cartilaxinosas como as dun morcego, fortes patas e longa cola terminada en dardo. Botando unha ollada á heráldica galega, como lembra Clodio González no seu libro [A Coca e o Mito do Dragón](#), "En Galicia son varias as familias que nos seus brasóns ostentan dragóns e serpes. Entre as primeiras, salientan as armas do marquesado de Santa Cruz de Ribadulla, nas que campan dous dragóns dándose o fronte. Un só teñeno as dos Valboa (ou Balboa) –un león loitando cun dragón-, Canabal –un dragón-, Expósito –dous cabaleiros loitando contra un dragón-, Raimondes e Reimóndez –un dragón, etc. (...) Moito máis abundantes son os brasóns cunha banda engolada en dúas cabezas de dragóns: Andrade, Antroido, Barrantes, Betanzos, Borrajo, Bote, Cerdeira, Colmelo, Conde, Chanteiro, Frade, Giráldez, Mazo, López-Ballesteros, Nateira, Nunques, Pardo de Andrade, Pazos, Pérez de Lamas, Piñeiro, Puga, Rilo, marquesado de San Saturnino, Sánchez, Sanjurjo, Santamarina, Segundera, Soneime, condado do Val de Oselle, condado de Vilalba, etc". Na Gallaecia meridional, onde os monarcas suevos estableceran a capital do *Regnum*, consérvase moita menos presenza gráfica da coca. Se cadra a máis popular coca galaico-bracarense é a do antigo escudo da cidade do Porto, abandonado en 1935 mais conservado actualmente no escudo do [Futebol Clube do Porto](#).



A coca do brasón dos Reimóndez, séc.XV, Betanzos. Foto cortesía de [Alfredo Erias](#), Director do Museu das Mariñas e do Anuario Brigantino

Aínda que o memorial galego de 1669 especifica que estamos a falar dunha coca, "De aquí tuvo principio y se originó borrar el **Dragón verde** (...)", botouse tamén unha ollada ao modelo de serpe dourada que aparece no escudo moderno da vila lusitana de [Coimbra](#), por mor dunha lenda do séc.XVII que conta unha historia de amor entre unha sueva e un vándalo. O escudo histórico da cidade, séc.XIII, representa principalmente a figura dunha dona ou raiña con coroa. O león do escudo é un engadido posterior, do séc.XVI. Un documento luso de 1625 afirma que o león foi engadido para representar a unión con Castela. Lonxe de ser un antigo escudo medieval, o deseño gráfico moderno das armas coimbrenses é tardío, do

ano 1930.

Os deseños de bandeiras suevas do heraldista portugués [Alves de Azevedo](#) do ano 2000 e da Associação Galega da Língua do ano 2003 adoptaron a coca da bandeira galesa como estándar gráfico, igual que fixera o primeiro modelo anónimo de 1997. Abofé, a coca galesa coincide coa representación tradicional máis común da coca galega: grandes maxilas e dentes afiados, corpo coberto de escamas, áas cartilaxinosas como as dun morcego, e longa cola terminada en dardo.

A compatibilidade da coca galesa coas representacións tradicionais da coca galega, e a facilidade de obtención de estándares gráficos de alta resolución informática para a súa impresión en poliéster decidiron a escolla deste modelo de coca para a [Bandeira da Dinastía Real Sueva do Galliciense Regnum](#).

Houbo aínda unha derradeira curiosidade na escolla desta coca, que deixa aberta unha porta para aqueles que gusten da especulación histórica. A teoría máis aceptada entre os historiadores sobre a orixe da coca na bandeira nacional de Gales conta que aquel dragón figuraba nun estandarte do exército romano que foi deixado na Cambria, e que logo foi adoptado e reutilizado a partir do século V como bandeira de guerra dos britóns galeses. Nese mesmo século, as tropas romanas tamén deixaban Gallaecia e, se cadra, un dragón dos seus estandartes militares foi daquela adoptado e reutilizado como bandeira de seu polos novos monarcas suevos de Gallaecia...

» Definición dun estándar gráfico: o León

Cómo era o deseño do león que aparecía no brasón dos reis suevos descrito polo cabido da Catedral de Lugo en 1669? Non o sabemos porque non conservamos restos materiais nen pinturas del. Logo, debemos volver lembrar que na época medieval o concepto de estandarización gráfica non era coñecido nen practicado igual que o facemos hoxe, que na heráldica galaica temos literalmente dúcias de deseños diferentes de leóns de diferentes épocas, e que non podemos ir buscando deseños de leóns altomedievais pensando que haberemos encontrar unha copia idéntica dun león particular que foi pintado no século V.

Logo, qué deseño de león utilizar para a reconstrucción da bandeira dos reis suevos de Gallaecia? A primeira busca de estándares gráficos de leóns ollou cara a o Reino de León, herdeiro político do antigo territorio galaico-asturicense e parte leste do *Galliciense Regnum*. Como xa insistimos antes, historicamente non existe unha única representación estandarizada do símbolo leonés, mais varias.

Os actuais estándares gráficos do león na bandeira castelán-leonesa e na bandeira da *Diputación de León* mostran ou desproporcións barrocas na feitura do seu corpo ou trazos demasiado simples que resultan estilisticamente incompatibles coa coca escollida. Precisábase un estándar gráfico dun león que non fose nen demasiado barroco nen demasiado simples. O deseño de bandeira sueva do heraldista portugués [Alves de Azevedo](#) do ano 2000 non incluía nengunha proposta de león, e o deseño da Associação Galega da Língua do ano 2003 copiaba o modelo da bandeira da [Estremadura](#) lusitana de Azevedo, un león de grosso corpo que contradecía o limpo deseño da coca verde galesa.

Na procura dun estándar gráfico de león rampante de talla e estilo decorativo similar á coca verde da bandeira botouse tamén unha ollada a outros modelos de leóns da heráldica europea, concretamente no arco celtoatlántico e na rexión alemá de Schwaben, os outrora curmáns dos suevos-galaicos. Os leóns do escudo do [Regierung von Schwaben](#), o goberno rexional de Suevia, resultaban complexamente barrocos de máis para a coca. O león da [Bandeira do Príncipe de Gales](#) utilizado na Bandeira Sueva de 1997 posuía un corpo de correctas proporcións e un trazo limpo que o convertía nun candidato compatible para acompañar á coca na bandeira. Ollouse igualmente ao león caledonio que figura na [Bandeira Real de Escocia](#), tamén de trazo limpo e correctas proporcións. Estes dous leóns galés e caledonio coincidían outravolta na facilidade de obtención do seu estándar gráfico en alta resolución informática para a súa impresión en poliéster, que a efectos prácticos supón unha grande avantaxe.

En facendo probas cos dous leóns célticos candidatos estimouse que a inclinación diagonal do león galés non casaba perfectamente coa elevación vertical da coca. Si cadraba en cambio o león caledonio, de feitura máis vertical, que tamén ofrecía a mellor combinación de aproveitamento horizontal e vertical do campo da bandeira, posibilitando que a talla das dúas bestas fose a máis grande das posibles para minimizar o espazo valeiro arredor da coca e do león. O león caledonio corresponde cun modelo bastante estándar de león europeu encontrado comunmente na heráldica do vello mundo, incluídos evidentemente os territorios da antiga Gallaecia. O carácter pan-europeu do seu deseño e a facilidade de obtención de estándares gráficos de alta resolución informática para a súa impresión en poliéster decidiron a escolla deste modelo de león para a [Bandeira da Dinastía Real Sueva do Galliciense Regnum](#).



Arriba, a coca de [Monçom](#), Co. Minho-Lima. No medio, a coca de [Redondela](#), Co. Vigo. Abaixo, adaptación gráfica da coca na bandeira sueva



Arriba, Escudo de León do séc.XV, igrexa de Santa María de Nieva. Abaixo, adaptación gráfica do león na bandeira sueva

» Situación da Coca e do León na bandeira

Na heráldica europea, cando dúas bestas comparten o campo da bandeira aparecen normalmente en posición rampante e non xacente. Isto explica por qué desde o principio deuse en buscar bestas rampantes como a coca e o león escollidos. Feita xa a escolla final de coca e león, faltaba somente por determinar quen quedaba na metade esquerda e quen quedaba na metade dereita. No bestiario europeo, a coca é un animal de maior peso que un león. Na nosa civilización occidental estamos afeitos a ler de esquerda a dereita. Consecuentemente, para evitar un efecto de descompensación visual, o animal de máis peso, a coca, debía iniciar o campo da bandeira pola esquerda, e o león, de menor peso, debía pechar o campo da bandeira pola dereita. Coca á esquerda, león á dereita.

Considerouse tamén de engadir un cadro decorativo ao redor do campo da bandeira, igual que ten por exemplo a anteriormente mencionada bandeira histórica do Reino de Escocia. Como orgulloso estandarte dos monarcas dun reino, semella razoable pensar que a orixinal bandeira sueva poidese ter certos motivos decorativos. Fíxose unha proba de bandeira encadrada co coñecido entrelazo galaico do castro de Ancora, mais nas opinións das persoas consultadas, este sería un engadido que saturaría visualmente o deseño da bandeira.

Por fin, a moderna [Bandeira da Dinastía Real Sueva do Galliciense Regnum](#) foi izada por primeira vez ao vento na Gallaecia do ano 2005. Desde aquela, esta bandeira está a converterse nun popular icono para os amantes da historia e da cultura galaica en xeral. [Ti tamén podes contribuir a esta iniciativa](#) espallando este símbolo galaico polo país e polo mundo. Na sección '[Multimedia](#)' podes baixar imaxes de alta resolución da bandeira para que a poidas distribuír e reproducir onde, cando e como queiras. É unha bandeira galaica, de dominio público. E cando vaias levando as bandeiras galegas polo mundo adiante, lembra de tirarlle unha foto e enviámo-la para que a poidamos publicar na sección da [Bandeira Galega polo mundo adiante](#).



* * * * *

Merca xa a túa Bandeira da Dinastía Real Sueva da Gallaecia!

» Medidas: 150 x 90 cm / Material: tela poliéster.

» Bandeira de calidade, inclúe dous aneis laterais metálicos para o seu izado.

» Fai clic aquí para ver unha [listaxe de puntos de venda](#) onde mercar a túa Bandeira da Dinastía Real Sueva da Gallaecia...»



[Voltar á Páxina Principal](#)